

SAIDAS

Educación Infantil

O alumnado de EDUCACIÓN INFANTIL sairá gradualmente a partir das 15:55 Os/as titores/as acompañarán ao alumnado ata a **zona de espera das familias** e as coidadoras acompañará ao alumnado usuario do transporte ata os autobuses.

Mediodía o alumnado de Infantil que non utilice o servizo de comedor fará a saída ás 12:45 e volverán a entrar ás 14:15, será entregado polo profesor que esté nese momento na aula, na zona de recollida de infantil.

Educación Primaria

O alumnado de EDUCACIÓN PRIMARIA sairá gradualmente a partir das 15:55 horas. O profesorado acompañarao ata a zona das familias, zona de **dianta da rampa de acceso ao pavillón**, as familias poderán escoller saír pola porta do pavillón ou ben esperar a que os autobuses salgan do centro e, **só entón** poderán baixar pola porta peonil principal.

O alumnado de **Educación Primaria** que **teña irmáns en E. Infantil** sairá co alumnado de transporte ata a zona de recollida de familias de E. Infantil e sairán xuntos ben pola porta peonil principal o polo pavillón, se lles dá tempo poderán baixar antes de que saian os autobuses.

O profesorado de garda de saída vixiará as saída do alumnado de transporte ata o autobús.

Mediodía: o alumnado de Primaria que non faga uso do comedor sairán ás 12:50 e volverán a entrar ás 14:20, poderanse recoller na zona de recollida de familias (Zona porta peonil principal)

ESO

O alumnado de EDUCACIÓN SECUNDARIA sairá gradualmente a partir das 15:00 horas.

O alumnado non usuario de transporte nin de comedor terá que ir ata o portal da zona das familias, sen paradas nin demoras no percorrido, baixo o control do profesorado de garda de saída.

O alumnado usuario de transporte e comedor terá dúas quendas de comida. De 15:00 a 15:30 e de 15:30 a 16:00 nese momento terán que ir directamente aos buses ou á porta de saída.

A orde de saída será gradual do seguinte xeito: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO. Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior. Antes de saír, todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel.

*Alumnado de 5º e 6º de Primaria autorizado a baixar so e alumnado da ESO. Sairán co alumnado de transporte e se dirixiran, sen demora, á porta de saída que escollan.

Agradecemos ás familias que abandonen a entrada do recinto escolar en canto saia o alumno/a que veñen recoller coa fin de evitar aglomeracións.